



Federación de Traballadores  
do Ensino  
Comisión Executiva Nacional



Membro fundador da IE e afiliado ó CSEE

## RESOLUCIÓN DE URXENCIA II COMITÉ NACIONAL

25 de xuño de 2010

En Santiago de Compostela, o día 25 de xuño de 2010, celebrouse a reunión ordinaria do II COMITÉ NACIONAL DA FETE, que aprobou a seguinte **Resolución de Urxencia**:

Diante do exercicio da Consellería de Educación de SUPRIMIR a Escola Infantil de Paredes- Vilaboa- Pontevedra, pertencente ao CRA (Centro Rural Agrupado) de Vilaboa, con criterios economicistas e que consta con 16 alumnos e alumnas.

As familias e o profesorado afectado defenden a permanencia en servizo desta escola.

Este Comité Nacional,

RESOLVE:

Esixir o mantemento deste e de tódolos centros e unidades, principalmente do territorio rural, que contan con matrícula suficiente e o apoio das familias e o profesorado afectado e evitar a súa supresión, que conleva a perda de postos de traballo e o conseguinte custo de desprazamentos innecesarios do alumnado, polo xeral de curta idade.

Santiago de Compostela 25 de xuño de 2010